

Pérez Prieto invita a atopar a Deus escoitando a “tenrura da Terra”

A galería Sargadelos de Santiago acolheu a presentación do libro ‘Do teu verdor cinguido’


SANTIAGO

D.J.

“O home non ten dereito a depredar a Terra, ten que descubrir a súa tenrura e atopar alí unha imaxe de Deus, que se manifesta estando a carón dos máis pobres”. Esta é, en resumo, a idea que transmite Victorio Pérez Prieto en *Do teu verdor cinguido (Ecoloxismo e cristianismo)* (Espirál Maior), que onte se presentou na galería Sargadelos de Santiago.

Prieto salientou a necesidade da busca da relación entre materia e espírito, xa que a primeira “está preñada do espírito de Deus”. Defendeu unha visión holista do mundo e desbotou o pesimismo –“non hai que deixar afofarse por el”– na procura de canles para “transformar a realidade”.

Para comentar o libro



CORREO

Torres Queiruga

estaban na mesa dúas persoas con visións distintas da realidade do ecoloxismo. Dunha banda, Carlos Vales, profesor, biólogo e concelleiro de medio am-

biente en Oleiros. Doutra, Andrés Torres Queiruga, teólogo e académico.

Vales resaltou que “os ecoloxistas somos un magma variadísimo en

canto a tendencias políticas, formación e cultura, o que demostra que é un movemento con madurez, que vai da ideoloxía radical ós *paxaritológos*”.

Na súa intervención atacou o mito de que as civilizacións antigas defenderon o medio ambiente, cousa que considerou falsa. Esa destrución “é un sino da nosa especie”. “Sen embargo, hoxe estamos ante unha rúa cega”, argumentou, “ó termos as posibilidades técnicas de acabar co medio”. Para evitalo, pediu “un golpe de temón”. “Temos os coñecementos para facelo, o problema está nos grupos económicos que non o queren facer”, salientou.

Finalmente, fixo un repaso á historia dos movementos ecoloxistas galegos, salientando os fitos que acadaron: impedir a

instalación de varias plantas de celulosa, unha central nuclear en Xove ou a loita contra os residuos tóxicos.

Torres Queiruga, pola súa banda, incidiu en que “o Cristianismo non é responsable da degradación do medio”, acusación que recibiu en numerosas ocasións seguindo a máxima de “dominar a terra”. Ben ó contrario, “os homes son irmáns na creación con ela, están namorados da materia”.

“A preocupación polo medio entronca co Cristianismo”, sinalou, e loou que o autor retomase no volume a relación da ecoloxía co Terceiro Mundo e tamén coa muller.

Pérez Prieto, que é sacerdote en Ferrol é autor de obras como *A xeración Nós. Galeguismo e relixión* (1988) e *Cristiáns e galeguistas* (1994).

“O Correo Galego” 19-II-98